



candieira

REDE DE APOIO E PROMOCIÓN
DAS MULLERES DO MAR

Estimada amiga, estimado amigo:

Como sabes, Candieira leva máis dun ano desenvolvendo programas de apoio e promoción que buscan reforzar a gobernanza das mulleres do mar. Neste tempo puxo en marcha varias **iniciativas de formación e acompañamento de proxectos emprendedores** que perseguen a mellora das capacidades das mulleres en diferentes ámbitos vitais e profesionais.

Con ese obxectivo, ao longo dos últimos meses máis dun cento de mulleres do mar de toda Galicia tiveron a oportunidade de aproveitar as sinerxías desta nova rede de traballo e de colaborar na promoción de actividades orientadas a visibilizar o seu papel nas comunidades costeiras. O programa **EMBARCA** achegounas á xestión e organización dunha iniciativa empresarial, mentres que **ALIADAS** serviulles para avanzar no reto de asociarse, compartir e optimizar recursos.

No marco desta segunda liña de traballo, as mariscadoras da zona do **GALP Ría de Pontevedra** decidiron centrar os seus esforzos na **saúde das mulleres do mar**. Identificaron as doenzas máis recorrentes entre quen se dedica ao marisqueo; analizaron as causas e as atencións que se deberían dar para evitar lesións e gañar calidade de vida; e con toda esa aprendizaxe, elaboraron unha **guía de prevención con consellos, coidados e exercicios básicos que agora presentan ao público**.

Cremos que a túa presenza vai animar e contribuír á divulgación dun panel informativo que, moi axiña, as **mariscadoras de Poio e Pontevedra** esperan ver colgado en moitos puntos de control de marisqueo do país, polo que te convidamos a asistir á presentación en rolda de prensa da **'Guía de coidados da saúde para o benestar das mariscadoras'**.

O acto, aberto aos medios de comunicación, vaise celebrar o **martes 4 de setembro no lugar da Seca**, en Reiboia, Poio, **ás 12:30 horas**. Agradecemosche que nos confirmes se podes vir ou, de ser o caso, nos indiques se o fará outra persoa no teu lugar.

Agardamos verte alí!

**Grupo de Acción Local do sector
Pesqueiro Ría de Pontevedra**
Edificio de Servizos Portuarios.
Porto Pesqueiro Norte s/n.
Marín 36900 Pontevedra.
☎ 886 213 015 / 698 180 887
✉ gac6@accioncosteira.es



candieira é un proxecto
de cooperación e traballo en rede
de Grupos de Acción Local
do Sector Pesqueiro (GALP)

www.candieira.net

fb candieirarede
✉ info@candieira.net

